


MONFORTE DE LEMOS

FESTAS PATRONAIS
DO 11 Ó 16 DE AGOSTO 2024

Na Honra á Virxe de Montserrat



CONCELLO DE
MONFORTE DE LEMOS



DEPUTACIÓN
DE LUGO

PLAN
DEPUTACIÓN 2024
DE LUGO
DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS

GADIS

CONTIDO

<i>Páxina 3</i>	<i>Saúdo do Alcalde</i>
<i>Páxina 4</i>	<i>Programa das festas</i>
<i>Páxina 16</i>	<i>Actividades culturais –Verán 24</i>
<i>Páxina 23</i>	<i>Competicións deportivas –Verán 24</i>
<i>Páxina 24</i>	<i>Colaboracións</i>
<i>Páxina 33</i>	<i>Plano da cidade</i>
<i>Páxina 34</i>	<i>Teléfonos de interese</i>

Saúdo do Alcalde

Estimados veciños, estimadas veciñas:

Dende tempos inmemoriais, Monforte de Lemos celebra no mes de agosto as súas Festas Patronais, dando así cumprimento ó compromiso que como Alcalde teño co mantemento das tradicións monfortinas, un compromiso firme e decidido que manteño ano a ano, dende que cheguei á Alcaldía no ano 2015.



As Festas que merece Monforte, presididas polos actos de honra á Patroa a nosa Señora Virxe de Montserrat, e nas que destacan tamén os Fogos do río Cabe ou os grandes concertos gratuítos, son os meus compromisos irrenunciábeis con todos os monfortinos e con todos aqueles que nos visitan no período estival.

Ademais, tamén recolleemos nestas páxinas un completo Programa Cultural de Verán que da resposta á demanda de ocio, de cultura e de música que nos demandan os nosos veciños e visitantes.

Como moitos de vós sabedes, un dos meus obxectivos dende que son Alcalde, hai máis de 9 anos, foi recuperar o prestixio e a sonda das nosas Festas Patronais e creo que, ano a ano, o fomos conseguindo. O 2024 non vai ser menos, estou seguro de que volveremos ser un referente dentro da Ribeira Sacra, no resto de Galicia, e no noroeste peninsular, superándonos un ano máis.

O pregón e o concerto inaugural terán lugar o domingo 11 de agosto, e do 12 ó 16, continuaremos cun senfin de actividades e concertos que configuran o espectacular programa que dende o Equipo de Goberno vimos facendo dende que chegamos ao goberno municipal. Un programa que conta cunha variedade musical e artística que quere satisfacer a públicos moi diferentes tanto en idades como en gustos musicais.

Estou convencido de que o Programa deste ano converterá ás nosas Festas no maior atractivo turístico do sur da provincia de Lugo e da Ribeira Sacra en todo o mes de agosto, atraendo á nosa cidade a miles de visitantes.

Neste ano 2024, como vimos organizando dende que eu son Alcalde, haberá un concerto gratuíto a cargo de artistas de renome nacional e internacional cada un dos 6 días de celebración dos festexos, todos eles acompañados de orquestras, que farán un previo e un posterior peche das actuacións.

Tampouco nos esquecemos, á hora de deseñar este programa, de contar coa presenza destacada de músicos de Monforte e da comarca, que serán protagonistas tanto nas Festas Patronais como en toda a programación cultural de verán.

Con este programa das Patronais de 2024 queremos que as Festas de Monforte teñan variedade, calidade musical e cultural, que sexan do agrado dos nosos veciños e que o público que nos visite estes días quede cun bo sabor de boca para repetir os vindeiros anos e nos fagan de embaixadores. Aproveito estas páxinas do programa das Festas Patronais 2024 para trasladarvos a todos e a todas o meu afectuoso saúdo e convidovos a que participedes e gocedes de todas as actividades que deseñamos, que vivades momentos únicos coa vosa familia e cos vosos amigos, xa que vós sodes os auténticos protagonistas das nosas Festas Patronais.

Unha aperta e Felices Festas Patronais 2024!

JOSÉ TOMÉ ROCA
ALCALDE DE MONFORTE DE LEMOS

11 de Agosto - Domingo



20:30 h **PREGÓN DAS FESTAS PATRONAIS - 2024**

Na Casa do Concello de Monforte de Lemos dará o pregón das Festas Patronais do ano 2024 a lucense D^a *Isabel Pardo de Vera Posada* enxeñeira de camiños, canais e portos, que foi Secretaria de Estado de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana.

21:00 h **LANZAMENTO DO FOGUETE** que anuncia o inicio das Festas dende o Campo de Santo Antonio.

21:00 h **INAUGURACIÓN DA ILUMINACIÓN ARTÍSTICA**



22:30 h **ROSA CEDRÓN EN CONCERTO**

Na praza de España actuará a monfortina Rosa Cedrón acompañada polo pianista Juanjo Fernández e polo violinista Javier Cedrón.



12 de Agosto - Luns



13:00 h **X FESTIVAL CÓMICO FESTIVO A RÚA É VOSA:**
SEMPRE ARRIBA /Acrobacias aéreas e clown

Na praza de España a compañía **SEMPRE ARRIBA** representará o espectáculo titulado “C´est pas Possible”, espectáculo familiar que mestura a linguaxe clown coas acrobacias aéreas, convidando o público a se empapar coas emocións que esta personaxe vive en escena nunha viaxe cara ao reencontro cun mesmo e ao pracer de vivir e compartir.

20:00 h **X FESTIVAL CÓMICO FESTIVO A RÚA É VOSA:**
SEMPRE ARRIBA /Acrobacias aéreas e clown

De novo SEMPRES ARRIBA co seu espectáculo “C´est pas Possible” faranos gozar na praza de España cunha espectacular experiencia empregando o clown como linguaxe e en comunicación directa co público. Neste espectáculo ponse de manifesto a dualidade que moitos vivimos por dentro: aprendemos a ser eficaces, a cumprir prazos e expectativas e esquecémonos de gozar e de sermos nós mesmos.



20:30 h **GRUPO DE BATUCADA OS XOGRARES DE LEMOS**

O Grupo Batucada Os Xogres de Lemos amenizará cun pasacalle a tarde deste xornada festiva dende o barrio de Santo Antonio ata o centro da cidade.



22:30 h **VELADA MUSICAL**

Na praza da Compañía o **GRUPO AMÉRICA DE VIGO** iniciará a velada musical deste día actuando ata ás doce da noite.

12 de Agosto - Luns

23:00h **CONCERTO**

Na praza de España dará un concerto a **ORQUESTRA DE MÚSICA DO CONSERVATORIO MESTRE IBÁÑEZ DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS.**



00:00 h **VELADA MUSICAL**

Continuación da velada musical coa orquestra espectáculo **PANORAMA** coa súa "Xira Nacional IA Tour 2024" na praza da Compañía.



02:00 h **VELADA MUSICAL**

Continuación da velada musical co **GRUPO AMÉRICA DE VIGO** na praza da Compañía.

03:30h **VELADA MUSICAL**

Na praza da Compañía a orquestra espectáculo **PANORAMA** rematará esta noite musical.



13 de Agosto - Martes

12:00 h **X FESTIVAL CÓMICO FESTIVO A RÚA É VOSA:**

O MAGO NOEL / Maxia cómica

Na rúa do Cardeal teremos unha mañá de maxia co **Mago Noel** e o seu espectáculo **Que curioso!**, espectáculo de maxia familiar e infantil deseñado especificamente para favorecer a participación do público creando un ambiente festivo.



13:00 h **X FESTIVAL CÓMICO FESTIVO A RÚA É VOSA:**

JANO / Clown e acrobacias.

Na praza de España **Jano** representará o seu espectáculo **Sen Medidas**. Humor en clave de clown, orixinal, participativo e arriscadamente divertido. **Jano** xoga como un neno atrapado nos medos dun adulto.



19:00 h **X FESTIVAL CÓMICO FESTIVO A RÚA É VOSA:**

O MAGO NOEL / Maxia cómica

O Mago Noel deleitaranos de novo na rúa do Cardeal con **Que curioso!**, espectáculo que combina diferentes técnicas circenses, teatrais e musicais co fin de acadar un espazo e un momento de comunicación xenuína entre o artista e o público.



20:00 h **X FESTIVAL CÓMICO FESTIVO A RÚA É VOSA:**

JANO / Clown e acrobacias.

Na praza de España ás 20:00h actuará **Jano** con **Sen medidas** mesturando a destreza dos malabares, a forza das acrobacias e o seu desenfreado enxeño coa participación do público que pasa a formar parte do espectáculo e a converterse nun elemento activo para a diversión colectiva.



13 de Agosto - Martes

20:30 h **GRUPO DE BATUCADA CREATIVA**

O Grupo de Batucada Creativa de Monforte de Lemos amenizará cun pasacalle a tarde deste xornada festiva dende o barrio da Estación ata o centro da cidade.



23:00 h **CONCERTO DO GRUPO OS PARENTES**

Na praza de España actuará o grupo Os Parentes.

23:00 h **VERBENA**

Na praza da Compañía coa orquestra **COSTA DORADA**.



00:00 h **CONCERTO**

Na praza da Compañía concerto de **ROZALÉN**.



01:30 h **VERBENA**

Continuación da verbena na praza da Compañía coa orquestra **COSTA DORADA**.

14 de Agosto - Mércores

12:00 h **O GRUPO DE GAITAS GAITEIROS DE LEMOS**



sairá dende a praza de España e tocará alboradas polo centro da cidade. Estará acompañado por **XIGANTES E CABEZUDOS** para o gozo dos máis pequenos.



12:00 h **X FESTIVAL CÓMICO FESTIVO A RÚA É VOSA: PEPE´S SHOW** /Circo e clown.

Na rúa do Cardeal teremos unha mañá de circo e clown con **Pepe´s Show** e o seu espectáculo **Tatitas**. Despois dunhas clases de circo realizadas nunha residencia de anciáns, María e Alberto apaixónanse por esta maravilhosa arte e crean un novo dúo de artistas. Tatitas é unha comedia a ritmo de jazz e rock and roll mesturada con acrobacias e malabarismos.



13:00 h **X FESTIVAL CÓMICO FESTIVO A RÚA É VOSA: CARLOS ADRIANO** /Maxia e clown

Na praza de España **Carlos Adriano** ás 13:00h representará o seu espectáculo **Pasen e Vexan**. Este espectáculo é unha metáfora do maravilhoso mundo do circo, un xogo teatral no que o público infantil e adulto está envolto continuamente en divertidísimas situacións cheas de sorpresas.



19:00 h **X FESTIVAL CÓMICO FESTIVO A RÚA É VOSA: PEPE´S SHOW** /Circo e clown.

Na rúa do Cardeal **Pepe´s Show** deleitaranos de novo co seu espectáculo **Tatitas**. Tatitas é un espectáculo para todos os públicos que procura, a través do humor, reivindicar e pór en valor os nosos maiores e o respecto cara a eles.

20:00 h **X FESTIVAL CÓMICO FESTIVO A RÚA É VOSA: CARLOS ADRIANO** /Maxia e clown

Na praza de España **Carlos Adriano** ás 20:00h representará o seu espectáculo **Pasen e Vexan**. O polifacético Carlos Adriano pon en escena unha combinación explosiva de clown, maxia, música, improvisación e comedia coa que transporta o público a un mundo delirante onde todo é posible.



14 de Agosto - Mércores



20:30 h **PANDEIRETEIRAS**

A **Asociación Cultural Amigos da Pandeirola** de Monforte amenizará a tarde desta xornada festiva dende o barrio dos Chaos ata o centro da cidade.



21:30 h **BAILE-CONCERTO DA BANDA DE ACORDEÓNS O FOLIÓN**

Na praza de España a **Banda de Acordeóns O FOLIÓN** da **Asociación Cultural Xograres de Lemos** amenizará un *Baile-Concerto* dedicado ás persoas ás que lles guste bailar coas músicas de sempre.

22:30 h **CONCERTO**

Na praza da Compañía o grupo monfortino **COOL FLANDERS** iniciará esta noite musical actuando ata ás doce da noite.



00:00 h **CONCERTO**

Na praza da Compañía terá lugar o concerto de **ÁLEX UBAGO**.



01:30 h **CONCERTO DE MALENNE**

O grupo monfortino **Malenne** dará continuación ó segundo día de festa dende as 01:30 ata ás 3:30 da madrugada no palco instalado para o efecto na Praza da Compañía.

15 de Agosto - Xoves

10:00 h LANZAMIENTO DE 21 BOMBAS DE PALENQUE

O lanzamento de 21 bombas de palenque anunciará o día grande das Festas Patronais.

10:00 h DÍA DA PATROA

Na praza de Santo Antonio, xunto á Casa do Concello, reuniranse todas as persoas que queiran participar na **Homenaxe á Patroa do Val de Lemos**, a Virxe de Montserrat. Ás **10:30 h** o alcalde e a comitiva institucional acompañados do **Grupo de Baile Tradicional do Concello de Monforte de Lemos** e do **Grupo de Gaitas Gaiteiros de Lemos** sairán cara á igrexa de San Vicente do Pino onde se realizará a **Ofrenda Floral á Patroa** da cidade.



11:00 h MISA E OFRENDA FLORAL Á VIRXE DE MONTSERRAT.

Misa na igrexa de San Vicente do Pino na honra á Virxe de Montserrat cantada pola **Coral Polifónica do Concello de Monforte de Lemos**. Á saída actuará o **Grupo de Baile Tradicional do Concello de Monforte de Lemos** xunto co **Grupo de Gaitas Terra De Lemos**. O Alcalde, autoridades e asistentes ao acto farán a **Ofrenda Floral á Virxe de Montserrat**.



Día do Gaiteiro

O Concello de Monforte pretende no Día do Gaiteiro amosar e dignificar a riqueza cultural galega a través das súas diferentes expresións. Cuartetos, quintetos, sextetos e cantos de cego populares amosarán a enorme variedade musical de estilos e instrumentos.



15 de Agosto - Xoves

11:00 h **ALBORADAS CON GRUPOS DE GAITEIROS**

Grupos de gaiteros sairán dende a praza de España por diferentes rúas da cidade facendo alboradas e rematarán no centro ás 13:00 h.



Participantes:

- **REDEGAITA** - Quinteto Ourense / Barrios e rúas da Pinguela, Carude-Reboredo, Compañía
- **LEMAVOS 1** - Quinteto Monforte de Lemos / Barrios e rúas da Malvarón, Florida, Os Chaos, R.Baamonde, Conde, Avda Galicia
- **O CEGO DA VENEIRA** - Cantos de Cego A Pobra do Brollón / Zona centro cidade
- **OS XOGRARES** - Sexteto Monforte de Lemos / Barrios e rúas da Rioseco, Estación, San Pedro
- **MERENZAO** - Quinteto Monforte de Lemos / Barrios e rúas de Cobas, Santo Antonio, r. Ourense, r. Chantada
- **LEMAVOS 2** - Quinteto Monforte de Lemos / Barrios dos Abeledos, Ramberde, rúas Corredoira e Hortas



13:30 h **CONCENTRACIÓN DOS GRUPOS TRADICIONAIS**

No centro urbano de Monforte os grupos tradicionais participantes no DÍA DO GAITEIRO divulgarán as súas músicas ata as 15:00 h.

- **REDEGAITA** - praza de Abastos
- **LEMAVOS 1** - praza dos Chaos
- **O CEGO DA VENEIRA** - centro cidade
- **OS XOGRARES** - praza de España
- **MERENZAO** - rúa do Cardeal
- **LEMAVOS 2** - praza D. Goyanes



20:15 h **PASACALLE**

Dos grupos participantes na **Mostra de Danza e Música Tradicional** dende o campo da Compañía ata a praza de España.

20:30 h **MOSTRA DE DANZA E MÚSICA TRADICIONAL**

Na praza de España coa actuación de:

- **O CEGO DA VENEIRA DA POBRA DO BROLLÓN**
- **GRUPO DE GAITAS GAITEIROS DE LEMOS**
- **ESCOLA DE DANZA DO CONCELLO DE MONFORTE**
- **ASOCIACIÓN CULTURAL AMIGOS DA PANDEIRETA DE MONFORTE**
- **AGRUPACIÓN FOLCLÓRICA LEMAVOS**



15 de Agosto - Xoves

20:30 h GRUPO DE BATUCADA BATURRUCA

O Grupo Baturruca de Monforte de Lemos amenizará cun pasacalle a tarde desta xornada festiva dende o barrio do Val de Lemos ata o centro da cidade.



23:00 h VERBENA


Na praza da Compañía coa actuación da orquestra **ACORDES**



23:30 h BARCAS ENGANLANADAS

No malecón do río Cabe farase un percorrido de barcas tradicionais engalanadas.

A actividade, a cargo da Club de Piragüismo Quixós, conta coa colaboración da agrupación Os Xograres de Lemos e ten como fin a recuperación e a continuidade desta fermosa tradición local. Ao remate do paseo verase dende o río a tirada de fogos de aire.



00:00 h FOGOS ARTIFICIAIS DE AIRE

Dende o monte de San Vicente

00:30 h CONCERTO

Na praza da Compañía concerto de **ÁLVARO DE LUNA**.



02:00 h VERBENA

Continuación da verbena da orquestra **ACORDES** na praza da Compañía



16 de Agosto - Venres

13:00 h **X FESTIVAL CÓMICO FESTIVO A RÚA É VOSA:**
MAINTOMANO / Acrobacias e danza.

Na praza de España a compañía **Maintomano** representará **Ekilibuá** ás 13:00 h. Ekilibuá é un espectáculo para todos os públicos que fusiona a teatralidade cos portes acrobáticos, os equilibrios e a manipulación de obxectos. Dúas personaxes xogan a ver quen sobe máis alto, ata que non se poida máis, xogos arriscados mesturados con danza e acrobacia.



20:00 h **X FESTIVAL CÓMICO FESTIVO A RÚA É VOSA:**
MAINTOMANO / Acrobacias e danza.

Na praza de España e dende as 20:00h actuará **Maintomano** representando **Ekilibuá**, espectáculo de gran beleza estética nos movementos que se fusionan co virtuosismo artístico dos seus protagonistas.



20:30 h **GRUPO MUSICAL DE GAITUCADA AIKIRINDO**

O **Grupo Musical de Gaitucada Aikirindo** amenizará cun pasacalle a tarde deste xornada festiva dende o barrios da Pinguela e Carude ata o centro da cidade.

20:30 h **OS XOGRARES DE LEMOS**

O **Grupo de Pandeireteiras Os Xogrades de Lemos** fará un pasacalle dende os barrio da Florida ata o centro da cidade.



23:00 h **VERBENA**


Na praza da Compañía coa actuación da orquestra **MIRAMAR**.



16 de Agosto - Venres


00:00 h **FOGOS ARTIFICIAIS DE AUGA**

Dende o Paseo do Malecón sesión de fogos de auga.



00:30 h **CONCERTO**

Na praza da Compañía actuación de **LA LA LOVE YOU**.



02:00 h **VERBENA**

Continuación da verbena coa orquestra **MIRAMAR** na praza da Compañía.

Verán Cultural

5./6 E7/07

FESTIVAL DO VIÑO DA RIBEIRA SACRA DE MONFORTE DE LEMOS

PASEO DO MALECÓN

ORGANIZA: **CONCELLO MONFORTE DE LEMOS**

COLABORA: **DEPUTACIÓN DE LUGO**



PASEOS EN BARCA POLO RÍO CABE

DURANTE OS MESES DE XULLO, AGOSTO E SETEMBRO PODERANSE ALUGAR BARCAS DE PASEO NO EMBARCADOIRO DO PARQUE DOS CONDES

BARCAS ENGANANADAS

15 DE AGOSTO ÁS 22:30 H RECUPERACIÓN DAS BARCAS ENGANANADAS E ILUMINADAS, TRADICIÓN DE MEDIADOS DO SÉCULO XX

ORGANIZA: **CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS E CLUB DE PIRAGÜISMO QUIXÓS**




DO 2 Ó
7/07

FANCINE DE LEMOS

FESTIVAL DE CINE FANTÁSTICO E DE TERROR DE MONFORTE

ORGANIZA: **AMANITA ESTUDIO**

COLABORA: **CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS**



XULLO E
AGOSTO

CURSOS DE VERÁN 2024 DE MÚSICA E DANZA CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS

CONSERVATORIO MUNICIPAL "MESTRE IBÁÑEZ"-EDIFICIO MULTIUSOS, EN HORARIO DE MAÑÁ

MÚSICA:

AS MATERIAS DE INSTRUMENTO ESTÁN DIRIXIDAS A ALUMNOS/AS A PARTIR DE 6 ANOS DE IDADE E CONSTAN DE TALLERES DE PRÁCTICA INSTRUMENTAL EN ESPECIALIDADES COMO, GUITARRA, VIOLÍN, PIANO, SAXOFÓN, CLARINETE, FRAUTA DOCE E TRAVESA, TROMPETA, TROMBÓN, PERCUSIÓN MODERNA (BATERÍA).

DANZA:

A OFERTA DE DANZA NAS SÚAS DISTINTAS MODALIDADES, ESTÁ DIRIXIDA A NENOS/AS E RAPACES/AS A PARTIR DE 6 ANOS, FORMÁNDOSE DISTINTOS TALLERES EN DANZA TRADICIONAL GALEGA, DANZA MODERNA E DANZA CLÁSICA.

ORGANIZA: **CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS**




DO 9 Ó
30/07

EXPOSICIÓN DE PINTURA "MI MUNDO" DE ALEJANDRO OLMO GARCÍA

INAUGURACIÓN MARTES 9 DE XULLO ÁS 19:00H

SALA DE EXPOSICIÓN DA CASA DA CULTURA POETA
LOIS PEREIRO



DO 5 A
Ó 10/08

24ª MOSTRA ARTELEMONS

RÚA DO CARDEAL

MOSTRA DE ARTESANÍA TRADICIONAL E CONTEMPORÁNEA, CON POSTOS DE ARTESANÍA E TALLERES AO VIVO E DEMOSTRACIÓNS.

OBRADOIROS INFANTÍS E INTERXERACIONAIS:
(BARRO, CESTERÍA, PINTURA, COIRO)

ORGANIZA: **CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS**



DO 7
Ó 24 / 08

EXPOSICIÓN DE CARTEIS DO XIX CONCURSO DE DESEÑO DE CARTEIS FESTAS PATRONAIS - 2024
SALA DE EXPOSICIÓN DA CASA DA CULTURA
POETA LOIS PEREIRO

ORGANIZA: **CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS**



VENRES
09/08

FESTIVAL CARUDE ROCK
PRAZA DE CARUDE DENDE AS 20:30 H

ORGANIZA: **FESTIVAL CARUDE ROCK**
COLABORA: **CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS**



SÁBADO
10/08

GALA DE MAXIA - MAGO RAFA, DANI POLO E O MAGO IAGO CULTURA NO CAMIÑO 2024
PRAZA DE ESPAÑA ÁS 22:30 H



ORGANIZA E PATROCINA: **CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS E AGADIC DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA**



DO 11 AO
16 / 08

FESTAS PATRONAIS
ORGANIZA: **CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS**



DOMINGO
11/08

**ACTUACIÓN ROSA CEDRÓN EN CONCERTO ACOMPAÑADA POLO
PIANISTA JUANJO FERNÁNDEZ E O VIOLINISTA JAVIER CEDRÓN**

PRAZA DE ESPAÑA ÁS 22:30 H

ORGANIZA E PATROCINA: **CONCELLO DE
MONFORTE DE LEMOS E AGADIC DA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E
ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE
GALICIA**



LUNS 12/08

**CONCERTO DA ORQUESTRA DE MÚSICA DO CONSERVATORIO DE
MÚSICA MESTRE IBÁÑEZ DE MONFORTE DE LEMOS**

PRAZA DE ESPAÑA ÁS 23:00 H

ORGANIZA: **CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS**
COLABORA: **DEPUTACIÓN DE LUGO**



MARTES
13/08

CONCERTO DE OS PARENTES

PRAZA DE ESPAÑA ÁS 23:00 H

ORGANIZA: **CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS**
COLABORA: **DEPUTACIÓN DE LUGO**




MÉRCORES
14/08

**BAILE-CONCERTO BANDA DE ACORDEÓNS O
FOLIÓN**

PRAZA DE ESPAÑA ÁS 21:30 H

ORGANIZA: **CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS**
COLABORA: **DEPUTACIÓN DE LUGO**



DOMINGO
18/08

FESTA DA EMPANADA E DA LARPEIRA

FESTA GASTRONÓMICA POPULAR

ÁREA DE RECREO DE RIBAS ALTAS

ORGANIZA: **ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE RIBAS
ALTAS**

COLABORA: **CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS**



DO 21 AO
24/08

XXV FEIRA DO LIBRO DE MONFORTE RÚA DO CARDEAL


ORGANIZA: **CONCELLO DE MONFORTE E
FEDERACIÓN DE LIBREIROS DE GALICIA**
COLABORA: **DEPUTACIÓN DE LUGO**



XOVES
22/08

CONCERTO DE OS XOGRARES DE LEMOS PRAZA DE ESPAÑA ÁS 21:00 H

ORGANIZA: **CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS**
COLABORA: **DEPUTACIÓN DE LUGO**



DO 23 AO
30/08

CICLO CONCERTOS GRUPOS MONFORTINOS CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS


LUNS 19 AGOSTO

22:30 H PRAZA DA ESPAÑA

23:45 H PRAZA DA ESPAÑA

01:00 H PRAZA DA ESPAÑA

**GALGA BLUES BAND
VERA LYNN
BELA CHAOS**




MARTES 20 AGOSTO

22:30 H PRAZA DA COMPAÑÍA

00:00 H PRAZA DA COMPAÑÍA

**DINOSAURIOS
DOC MAGOO'S**



MÉRCORES 21 AGOSTO

22:30 H PRAZA DA ESTACIÓN

00:00 H PRAZA DA ESTACIÓN

**EL MUNDO DE SOFÍA BAND
THE POET'S SILENCE**



XOVES 22 AGOSTO

22:30 H P.COMPAÑÍA

00:00 H PRAZA DA COMPAÑÍA


**DIANA TARÍN E GONZALO HERRERO
MOVILLA Y LOS IRREPETIBLES**

MARTES 3 SETEMBRO

22:30 H PRAZA DE ESPAÑA

00:00 H PRAZA DE ESPAÑA

**DELOREANS
EL TAROT DE THOTH**



MÉRCORES 4 SETEMBRO

22:30 H PRAZA DA ESTACIÓN

23:45 H PRAZA DA ESTACIÓN

01:00 H PRAZA DA ESTACIÓN

**ENTRECORDAS
CERODOUSCERO
LOS JINETES DEL TRÓPICO**

DOMINGO
25/08

“VENDAVAL” - 1ª MOSTRA DE CINEMA PORTUGUÉS DA RIBEIRA SACRA

PROXECCIÓN DO FILME “BATIDA DE LISBOA”

16:30H CASA DA CULTURA POETA LOIS PEREIRO

ORGANIZA: ASOCIACIÓN A MEMORIA É NÁUFRAGA, A CASA DA MEMORIA E ASOCIACIÓN NÁUFRAGOS DO PARADISO

COLABORA: CONCELLO MONFORTE DE LEMOS



MÉRCORES
28/08

**III MONFORTE FUSIÓN 2024
PRAZA DE ESPAÑA**

22:00 H CHERRY SWEET

23:15 H A LO CUBANO

ORGANIZA: CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS

COLABORA: DEPUTACIÓN DE LUGO

DOMINGO
01/09

**XORNADA EUROPEA DA CULTURA XUDÍA
VISITAS GUIADAS Á ZONA DE ÁMBITO XUDEU DE MONFORTE**

11:30 e 18:00 h –Saídas dende a Oficina Municipal Turismo/rúa Comercio 6

ORGANIZA: CONCELLO MONFORTE DE LEMOS E RED DE JUDERÍAS DE ESPAÑA



SÁBADO
7/09

XXIII FESTIVAL DE HABANERAS CONCELLO DE MONFORTE
-CORO VOCES GRAVES LOS TEMPLARIOS DE CASTRO URDIALES
-CORAL POLIFÓNICA ALBRICIAS DE MACEDA
-CORAL POLIFÓNICA DO CONCELLO DE MONFORTE



PRAZA DE ESPAÑA ÁS 21:00 H

ORGANIZA: **CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS**
COLABORA: **DEPUTACIÓN DE LUGO**



SÁBADO
7/09

III ENCONTRO DE PALILLEIRAS DE MONFORTE
EXPLANADA DA COMPAÑÍA DENDE AS 10:00H

ORGANIZA: **CONCELLO DE MONFORTE**
COLABORA: **DEPUTACIÓN DE LUGO**



DO 13
Ó 27/09

EXPOSICIÓN FOTOGRÁFICA CORENTA ANOS NON SON NADA
DE MAR LÓPEZ SOTELO

INAUGURACIÓN VENRES 13 DE SETEMBRO ÁS 20:00 H

SALA DE EXPOSICIÓN DA CASA DA CULTURA POETA LOIS PEREIRO

SÁBADO
21/09

FESTA DE SAN MATEO FESTA POPULAR – PARROQUIA DA PARTE

ORGANIZA: **COMISIÓN DE FESTAS DA PARROQUIA**
COLABORA: **CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS**

Competicións deportivas

CLUB-ENTIDADE	EVENTO	DATA	INSTALACIÓN - UBICACIÓN
Club Ximnasia Rítmica Kendra	IV Campus de verán de Ximnasia Rítmica	24 de xuño - 7 de xullo	Pavillón CEIP A Gándara
Concello de Monforte de Lemos	Campamentos deportivos de verán	1 de xullo - 14 agosto	Instalacións deportivas da Pinguela
Club Baloncesto Val de Lemos	V Campus de Baloncesto	1 - 31 de xullo	Pavillón dos Institutos
C.P. Calasancio - R.C. Deportivo	Depor Campus - Monforte	8 - 12 de xullo	Instalacións Deportivas Alex Blanco - Escolapios Monforte
Club Quixós	Copa Galega de Promoción Slalom - Trofeo Concello de Monforte	28 de xullo	Río Cabe - Malecón
Concello de Monforte - R.C. Celta de Vigo	XVIII Campus de Fútbol Cidade de Monforte	29 de xullo - 2 agosto	Campo Municipal de Fútbol Luis Bodegas
Club de Tiro Olímpico Cabe	Torneo de Tiro Festas Patronais	3 - 4 de agosto	Galería de tiro As Lamas
Club Pesca Río Cabe	Concurso de pesca de ciprínidos	4 de agosto	Vilasouto
Club Lemos	Torneo de Fútbol Festas Patronais	15 de agosto	Campo Municipal de Fútbol da Pinguela
A.D. Río Cabe Golf	Torneo de Golf Concello de Monforte	17 - 18 de agosto	Club de Golf Río Cabe
Club Korbis	Torneo de Volei Praia do Cadrado 2024	17 - 24 agosto	Parque dos Condes
C.P. Calasancio	XIX Torneo de Fútbol Xuvenil Memorial Xacobo	17 de agosto	Instalacións Deportivas Alex Blanco - Escolapios Monforte
C.V. Ribeira Sacra Monforte	XI Campus de Voleibol Ribeira Sacra	26 - 30 de agosto	Pavillón Municipal da Pinguela

Instalacións deportivas do século XXI

Luis Conde Carnero

Monforte xa dispón dun pavillón totalmente remozado e en breve será o turno da piscina.

Por fin xa se comeza a facer xustiza con Monforte en materia de infraestruturas deportivas. É verdade que a cidade do Cabe xa conta con campos de fútbol modernos, pero había unha asignatura pendente: remodelar totalmente o Pavillón polideportivo municipal da Pinguela e converter a Piscina municipal climatizada nunha auténtica instalación do século XXI. A primeira materia xa está superada, e con nota; e a segunda estará lista o ano que ven, unha vez que xa está confirmado que en outubro comezarán as obras.

O Pavillón da Pinguela foi sometido a unha renovación integral total. Poderíamos dicir que practicamente é novo. Pouco queda, por non dicir nada, do antigo. Esta era unha actuación que se viña pedindo a berros, e grazas ao goberno central, á Deputación e ao Concello, os monfortinos poden gozar dunha instalación vangardista.

A instalación, por fin, está acorde á calidade e aos éxitos que fin de semana tras fin de semana acadan os clubs da nosa cidade e os deportistas individuais. Non era de recibo que todos tiveran que estar competindo nun pavillón deteriorado e que non cumpría as prestacións que se esixían.

O investimento no pavillón ascendeu a 3.708.051 euros, dos que o Consello Superior de Deportes achegou 1.984.462 euros, mentres que a achega do Concello foi de 1.723.589 euros.

O pavillón dispón dunha pista ampla, cunha grada que a rodea, o que supón un incremento da capacidade para albergar afeccionados. Estaríamos en torno aos 2.000 afeccionados. Así mesmo dispón dun ximnasio totalmente vangardista, dotado con aparellos de última xeración. Os vestiarios son amplos.



A calefacción de chan radiante foi substituída por un novo sistema de climatización que fai que o pavillón sexa máis comfortable para os deportistas e para o público, ademais de resultar máis eficiente dende o punto de vista do consumo enerxético.

O feito de contar cunha instalación totalmente remozada xa fixo que se celebrara en Monforte o campionato de España absoluto de taekwondo. Os deportistas e dirixentes quedaron prendados da nova instalación.

A seguinte actuación prevista é a renovación total da Piscina municipal, que xa non cumpre as esixencias nin de público nin de deportistas. Hai que ter en conta que a piscina conta na actualidade con 1.396 abonados.

As instalacións experimentarán una transformación radical, tanto no interior como no exterior do edificio, en sintonía coa remodelación que se levou a cabo no Pavillón.

As obras comezarán en outubro e contarán cun orzamento que ascende a 2.047.000 euros. O Consello Superior de Deportes achega 645.000 euros, a Deputación de Lugo contribuirá con outros 600.000 euros e os 802.000 euros restantes sairán das arcas municipais.

A zona na que se ubican os dous manterase como ata agora, pero no seu entorno acondicionarase unha área renovada de hidroterapia con sauna e jacuzzi. Para os espazos que dan servizo a esa parte central, a remodelación suporá unha modificación significativa na súa actual distribución. O anteproxecto prevé o cambio de ubicación —e a conseguinte eliminación de barreiras— da entrada, a cafetería, o ximnasio e os vestiarios, onde haberá espazos separados para os usuarios e os que veñan de usar a piscina.

E para completar as actuacións da área deportiva da Pinguela, o Concello investirá un cuarto de millón de euros para mellorar o entorno. Con esta reforma integral haberá unha nova ordenación do tráfico e contará con 35 aparcadoiros máis.

En definitiva, todas estas actuacións: novo pavillón, nova piscina e acondicionamento do entorno, con un investimento en conxunto de 5.964.673,82€, converterán A Pinguela nunha auténtica cidade deportiva, acorde aos novos tempos, o que demostra o compromiso do Alcalde, José Tomé Roca, co deporte monfortino, dende a súa chegada ó goberno municipal. Non podemos esquecer que o deporte converteuse no auténtico embaixador de Monforte polo mundo.



A instalación da nova tubaxe da rede xeral, unha obra histórica que suporá un antes e un despois no abastecemento de auga en Monforte

Paula Díaz Montero

Xefa de Servizo de FCC Aqualia S.A. en Monforte de Lemos

O 13 de xullo de 2022, o Alcalde de Monforte, José Tomé Roca, asinou cun representante da empresa FCC Aqualia S.A., Francisco Javier García Linares, un preacordo que tal como entón manifestou o mandatario municipal “suporá un antes e un despois na mellora da rede xeral de abastecemento de auga de Monforte”.

Este preacordo asinado obedecía á execución do cumprimento parcial da sentenza nº 269/2021, de 30 de decembro, do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 1 de Lugo, na que se indicaba á empresa Aqualia a execución de inversións incluídas no noso Plan de Inversións para o Concello de Monforte, por un importe de 1.671.671,22 euros, que sumando os intereses de demora, ascendía a 1.784.831,44€.

Iniciado un frutífero proceso de diálogo entre a nosa empresa e o Concello de Monforte, finalmente acordamos o investimento de 1.671.617€ establecido por aquela sentenza, sendo destinado a mellorar as instalacións da Rede xeral de abastecemento de auga potable de Monforte.

En concreto, o proxecto que Aqualia e o Concello de Monforte decidiron acometer, denominouse “Desdoblamento da rede xeral da distribución de Monforte” e consiste na construción e instalación dunha nova tubaxe xeral de fundición na rede de abastecemento de auga potable da cidade de Monforte, que comunicará os depósitos do Cornado e os depósitos de San Vicente do Pino.

No mes de novembro de 2022, deron comezo os traballos de instalación da nova tubaxe na rede xeral abastecemento de Monforte, iniciándose na zona do Campo de fútbol de Ribasaltas. A obra foi avanzando en dirección á cidade, dende os depósitos do Cornado; actualmente, as obras de instalación sitúanse na rúa Doutor Casares á altura do cruce desta coa rúa San Pedro.

Unha vez finalice a instalación desta nova tubaxe, teremos desdobrada a rede xeral de abastecemento de Monforte, dado que teremos 2 tubaxes, a actual tubaxe de distribución e a nova tubaxe. Deste xeito, evitamos as roturas na tubaxe de fibrocemento, xa que a nova, que é de fundición, é moi difícil que teña unha avaría deste tipo.

Polo tanto, contaremos cunha dobre garantía do subministro, o cal creo que é unha moi boa noticia para os nosos cidadáns.

Creo que esta é unha obra moi importante para a cidade de Monforte, é a primeira vez que se acomete na cidade unha obra de tal calibre, o cal indica o valor e a relevancia 2 que lle temos que outorgar á mesma. E por iso, quero facer eco das declaracións que no seu día o Alcalde fixo en relación á mesma: “con esta obra resolveremos un problema moi importante na nosa cidade, xa que vai garantir que Monforte non se quede sen auga potable e que mellore sensiblemente o abastecemento desta cidade, será sen lugar a dúbidas, un antes e un despois.”

Para que os nosos lectores sexan conscientes da magnitude desta actuación, dende Aqualia estamos a instalar 4.169 metros de tubaxe de fundición dúctil de 350 milímetros de diámetro nominal, con 14 válvulas de comporta, 10 ventosas e 21 arquetas.

Ademais está prevista a instalación de conexións da nova tubaxe de fundición en zonas determinadas para futuras ampliacións da rede de abastecemento, o que permitirá seguir mellorando o servizo en zonas que presentan maiores problemas, como pode ser o Polígono Industrial de O Reboredo.

En definitiva, esta actuación supón un gran avance na capacidade de subministración de auga á rede de abastecemento xeral de auga de Monforte, en consonancia coa Estación de Tratamento de Ribasaltas e a súa capacidade.

Aqualia e o Concello, seguen a traballar día a día para mellorar as condicións do servizo que ofrecen ós veciños e veciñas de Monforte, e agradecen a comprensión dos mesmos ante os problemas que poden xurdir na rede de abastecemento, e que en gran medida, veranse paliados cando comece a funcionar a nova tubaxe xeral.

Finalmente quero aproveitar estas páxinas deste programa de festexos, no que me sinto honrada de colaborar, para desexarlle a todos os monfortinos e monfortinas, así como a quen visite nestes tempos a cidade de Monforte, unhas moi felices Festas Patronais 2024.



Que en Monforte está moi presente o deporte nótase mesmo nos accesos, onde adoitan verse as camisetas que identifican os equipos de ciclismo da cidade e os seus deportista enriba da bici. Tamén xa dentro da cidade ve moitas evidencias de que as diferentes disciplinas teñen éxito, tanto por número de participantes coma polo seu éxito. Polo río Cabe acostuman navegar as embarcacións do Quixós, un club de piragüismo que ten dado grandes alegrías nos últimos anos.

Avanzamos e vemos os campos de fútbol dos Escolapios e o Luis Bodegas, onde o Calasancio e o Monforte traballan coa base, os xogadores que están por vir. Quen sabe se esa fábrica poderá nutrirse no futuro o histórico Club Lemos, que vén de celebrar os cen anos de existencia. Idade máis curta ten o Monteforte, equipo que confirma o auxe do fútbol entre as mulleres.



De regreso ao Lemos. Xoga os seus partidos coma local no campo da Pinguela, rodeado o terreo de xogo polas pistas de atletismo que comparten nome cun dos grandes nomes do deporte local na actualidade, Saleta Fernández. Pode que na procura da futura Saleta anden na Gándara, aínda que tampouco quedan atrás nesa carreira (nunca mellor dito) os dous clubs de voleibol, disciplina que ocupa un trono en Monforte, cos tempos en Superliga no recordo, cando a esta cidade chegaban os mellores equipos de España.

Hoxe o Ribeira Sacra e o Korbis buscan os mellores resultados na base. Raro é que os seus equipos non rematen as tempadas viaxando polo mapa estatal despois de proclamarse campións de Galicia. Son locais no pavillón da Pinguela, remodelado hai ben pouco para albergar citas importantes. Segue a ser a casa de equipos e entidades deportivas, fogar de galas de ximnasia rítmica, coma as que organizan o Quicela e o Kendra, escenario de partidos da liga popular de fútbol sala ou de campionatos galegos de taekwondo.

Falemos deste deporte, porque acapara merecidamente moitos focos. O Neka e os seus deportistas non paran de gañar medallas, mesmo teñen ido a Corea do Sur para conseguilas,



que lle pregunten a Laura Álvarez e ao taboadés Daniel Areán. Este país asiático é o berce do taekwondo e resulta que en Monforte conta cunha pequena capital. Dobok chámase a indumentaria que levan. Seguramente verán o seu branco polas rúas estes días, porque a chave do éxito é que posiblemente nestes días de festa non perderán o momento de adestrar.

Foi remodelado o pavillón, pero tamén o serán as piscinas, situadas xusto ao lado. O Club Natación Monforte desenvolve a súa actividade mentres o fan moitos usuarios e usuarias diarios das instalacións. Nadadores coma Andrea Gudín percorren o vaso principal a unha velocidade envexable.

No mundo da canastra, o Val de Lemos goza dunha saúde espectacular, dando a opción a moita mocidade de practicar o baloncesto. Conta tamén con equipo sénior e un conxunto feminino de xogadoras veteranas. Cos centímetros de altura que caracterizan a quen se bota a este deporte, as triplas deste equipo e do máis recentemente creado Lemavos, que este ano xogou unha fase de ascenso.



Saben que é o único aspecto negativo de que haxa tanto deporte en Monforte? Que as posibilidades de esquecer algún son altas. Nesta cidade mesmo reinan prácticas non tan coñecidas, que llo digan se non ao club de tiro olímpico Cabe, e os amantes do golf poden dirixirse a Ribasaltas, onde o Río Cabe acaba de acoller todo un campionato de España, igual que fixo a Pinguela co taekwondo, saltando de novo atrás por ese risco de esquecer comentar eventos importantes.

En resumo, que Monforte, ademais de festa, é deporte. E dun nivel moi elevado.

A CASA DE LEMOS E MONFORTE

Manuela Sáez González

Neste ano no que se cumpren os novecientos cincuenta da refundación de Monforte -1074 segundo algúns antigos historiadores - recibimos a visita do XXIII Conde de Lemos, don Carlos Fitz-James Stuart e Martínez de Irujo que por iniciativa do Alcalde, don José Tomé Roca, foi nomeado Fillo Adoptivo de Monforte o pasado 29 de xuño en Sesión Solemne de Pleno Extraordinario da Corporación municipal, facéndosele entrega do Certificado de acordo do Pleno de Nomeamento como Fillo Adoptivo, dun Diploma Acreditativo, da Insignia Oficial do Concello e da Medalla Oficial conmemorativa deste Concello. A súa presenza foi para todos nós un motivo de satisfacción polo que a Casa de Lemos representa na nosa cidade.

Os monfortinos debemos sentirnos orgullosos da grandeza que esta Casa tivo ó longo dos séculos. Hoxe en día, a cidade de Monforte é coñecida polo seu legado cultural, recibido destes nobres, moi en particular dos VII condes de Lemos, don Pedro Fernández de Castro e da súa dona, dona Catalina de la Cerda y Sandoval, recoñecidos non só en España, senón fora das nosas fronteiras. Os Condes deixáronnos un patrimonio digno de admiración por todos os monfortinos e por aqueles que visitan a cidade.

Desde o II conde, don Rodrigo, que fundou o convento franciscano de San Antonio -hoxe lamentablemente desaparecido - ata a condesa, dona Cayetana e actualmente don Carlos Fitz-James Stuart e Martínez de Irujo, todos eles interesáronse pola nosa cidade e o seu patrimonio.

Temos en Monforte un magnífico edificio, o Colexio da Compañía de Xesús, fundado polo cardeal arcebispo de Sevilla, don Rodrigo de Castro, fillo da III condesa de Lemos con obxecto de impartir o ensino aos nenos do val de Lemos. A primeira escritura de fundación e dotación é de data 11 de xullo de 1593 e nela don Rodrigo expresa "... por quanto de muchos años a esta parte yo e tenido deseo y voluntad de azer fundar ynstituir y dotar un colegio de la compañía del Santo nombre de Jesús en la billa de Monforte de Lemos ques en el rreyno de Galicia para que en él se digan y celebren las onras y oficios divinos a su modo y conforme a su rregla y constituciones y se ensene a leer y escribir y gramatica y rretorica y artes...".

Nomeou por patróns a perpetuidade aos señores da casa de Lemos. O actual conde de Lemos é o duque de Alba. No seu testamento outorgado o 12 de agosto de 1598 doou o cardeal ao Colexio toda a súa librería, así como tamén a súa capela coa prata, ornamentos e libros que se achasen nela o día da súa morte. Os xesuítas impartiron docencia ata a súa expulsión en 1767. Posteriormente, o Colexio sufriu moitas transformacións. A XII condesa de Lemos, dona Rosa María de Castro e Centurión, reclamou o seu dereito de padroado e o 17 de marzo de 1770 ditouse sentenza ao seu favor despois de xustificar o seu dereito como sucesora da casa de Lemos. Fíxoselle entrega do Colexio e Igrexa con todas as súas pertenzas e a condesa agregoulle unha cátedra de Filosofía e outra de Teoloxía. Por Real Orde do 14 de decembro de 1847, o Colexio declarouse Instituto público de segundo ensino e ao ano seguinte trasladouse a Lugo.



Visita Conde de Lemos

Por motivo da diminución de rendas e temendo o duque de Alba, non poder cumprir co obxecto da fundación que era o impartir educación aos monfortinos, púxose en contacto cos pais das Escolas Pías para o seu establecemento en Monforte. Despois de obter do goberno a supresión do ensino oficial e devolto o Colexio ao duque de Alba, conde de Lemos, como patrón da fundación, procedeuse ó traspaso aos pais Escolapios baixo certas condicións: Esta entrega facíase *“...solamente en usufructo continuo e irrevocable, mientras los padres Escolapios ejerzan en él su piadoso instituto y presten la enseñanza espresada en las clausulas anteriores; y que si por cualquier evento imprevisto cesara de prestarse la espresada enseñanza, cesaría a la vez, y en el mismo acto este usufructo, devolviéndose al patrono el Colegio y todos sus bienes con los demás derechos que le correspondan...”*. O acordo foi asinado o 31 de xaneiro de 1873.

Unha vez entregado ó Colexio ás Escolas Pías, as súas dependencias e bens: *“...será de cuenta y cargo de los padres Escolapios su mantenimiento y conservación, pudiendo disponer libremente del edificio y sus dependencias para introducir en él las mejoras y variaciones accidentales que exijan las necesidades de la enseñanza, el mayor ornato de aquel y la comodidad de sus oradores; pero cediendo todas ellas a favor y beneficio del Colegio, sin que en el caso de cesar los padres Escolapios en su usufructo, tengan derecho a exigir indemnización alguna del establecimiento ni del patrono, bajo ningún concepto”*. Fixose un inventario dos bens artísticos que quedaron en poder dos Escolapios por ser eles soamente usufrutuarios e responsables da custodia do patrimonio.

No seu interior atópase unha espléndida pinacoteca, con obras, entre outras, do Greco, Andrea do Sarto e do napolitano Azzolino; na igrexa podemos contemplar a estatua orante do Cardeal realizada por Juan de Bolonia, o Cristo de Cioli e a capela das reliquias, todo iso é unha mostra da proxección internacional que este Colexio ten, tamén coñecido como da Nosa Señora da Antiga.



Firma do Conde de Lemos no Libro de Honra do Concello de Monforte

En canto aos condes de Lemos, os VII, don Pedro Fernández de Castro e a súa muller dona Catalina de la Cerda e Sandoval, fundaron en 1622 o convento das Nais Clarisas e habilitáronse, provisionalmente, unhas casas destinadas a este uso na rúa Falagueira desta vila. Nel entrou de monxa a VII condesa, xa viúva, en 1633; profesou o ano seguinte. Doce anos máis tarde, procedeuse ó traslado ao actual, aínda que non estaba concluído.


Un museo excepcional, coñecido en España e tamén en Italia, Nápoles particularmente, é o que se atopa no mosteiro das nais Clarisas. Durante o seu vicerreinado en Nápoles (1610-1616) compraron os Condes gran cantidade de obras de arte, moitas delas destinadas ao convento que pensaban fundar nesta cidade. Na actualidade consérvase o conxunto de escultura napolitana en madeira do século XVII máis importante que hai fóra de Italia cuns bustos relicarios realizados polos mestres napolitanos e podemos citar aos escultores Pietro Quadrado e Giovan Battista Ortega; ademais de pintura italiana dos pintores frei Juan Ricci e do seu pai Antonio Ricci, Giovan Bernardino Azzolino, Giovan Battista Castello ("El Genovés"), Segismundo Laire; así mesmo pintura española de excelente calidade; pratería; únicas pezas de cristal e sinalamos a arqueta de cristal, téxtiles, pezas de bronce de extraordinarios escultores como son os Crucificados de Guglielmo della Porta e de Torrigiani, sen deixar de mencionar o Cristo Yacente de Gregorio Fernández adquirido pola VII condesa ao seu regreso a Monforte en 1629. A estas obras hai que engadirllas as outras pezas doadas por outros membros desta prestixiosa Casa. Tamén son os condes de Lemos os seus patróns.

Non podemos esquecernos do convento dominico de san Jacinto, fundación dos VII condes de Lemos, hoxe máis coñecido pola parroquia da Régoa, ao ser demolida esta en o século XIX e trasladada a este convento a citada parroquia.

E, se falamos das máis recentes doazóns, basta lembrar as que fixo a duquesa de Alba, condesa de Lemos, dona Cayetana Fitz-James Stuart, nai do actual conde, ao pobo monfortino: o parque dos condes do que todos os monfortinos podemos gozar. O pai Esteban dáanos conta no seu libro "Colegio de Nuestra Señora de la Antigua" que, o 5 de marzo de 1987, o padroado asinou un contrato co Concello polo que lle cedía 15.000 metros cadrados da horta coa condición de que arranxasen a cuberta do edificio; esta obra foi realizada pola empresa Indeza. Asimesmo, doou o palacio condal, que hoxe forma parte do parador de turismo e tamén o goce da torre da homenaxe. O museo das Nais Clarisas é unha boa mostra de todas as súas doazóns; e o actual conde de Lemos, don Carlos Fitz-James Stuart e Martínez de Irujo, na súa recente visita a Monforte, deixou moi claro a importancia que lle dá a este título de Lemos ao ser un dos tres que máis valora. A súa visita e as súas palabras hórannos aos monfortinos.



Plano da cidade de Monforte de Lemos



Teléfonos de interese

Concello de Monforte	982 402 501
Oficina Municipal de Turismo	982 105 303 - 982 404 715
Casa da Cultura	982 404 404
Edificio Multiusos	982 403 893
Policía Municipal	982 400 264 - 609 290 000
Servizos Sociais do Concello de Monforte	982 416 541
Área Polideportiva da Pinguela	982 403 150
Piscina Municipal	982 403 809
Centro de Información á Muller	982 416 350
Oficinas Municipais de Información ao Consumidor	982 875 126
Aqualia (Servizo Municipal de Augas)	982 400 009
Unidade Asistencial de Drogodependencias	982 400 495
Residencia da Terceira Idade	982 410 211
Urxencias	112
SOS Galicia	900 444 222
Hospital Comarcal	982 417 900
Urxencias médicas	061
Centro de Saúde	982 404 712 - 982 416 334
Ambulancias Salutrans	982 202 771
Unidade de Saúde Mental	982 404 611
Centro de Orientación Familiar	982 401 612
Servizo de información e asesoramento a mulleres vítimas de violencia de xénero	016
Teléfono da Muller 24 horas (permanente e gratuíto)	900 400 273
Instituto Nacional da Seguridade Social	982 411 300
Policía Nacional	982 402 245 - 091
Garda Civil	982 402 239
Garda Civil de Tráfico	982 402 017
Garda Civil EMUNE (Equipo da muller e do neno)	062
Xulgado de 1º Instancia e Instrución nº 1	982 889 367 - 982 889 371
Xulgado de 1º Instancia e Instrución nº 2	982 889 382 - 982 889 384
Fiscalía	982 889 395
Notaría	982 401 683
Rexistro Civil	982 889 389
Rexistro da Propiedade	982 401 238
Oficina de Emprego	982 828 700
Facenda	982 403 761
FENOSA atención ao cliente	900 100 251
Repsol Butano avarías	901 121 212
Correos e Telégrafos	982 402 468
Estación de Autobuses Monforte	982 402 694
Estación de Ferrocarril Monforte	912 320 320
ADIF Administrador de Infraestruturas Ferroviarias	912 432 343
Parador Nacional	982 418 484
Inspección Técnica de Vehículos	902 309 000
Parada de taxis (Cardeal)	982 401 435
Parada de taxis (Estación)	982 401 002
El Progreso	982 403 400
La Voz de Galicia	982 416 014
Onda Cero Monforte	982 418 243
Radio Principal Cadea SER	982 400 512
En Común Monforte e Comarca	982 412 129
Radio Monforte	604 000 595

Ficha técnica

PROGRAMA DE FESTAS CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS

Coordinación

- Concello de Monforte de Lemos -Delegación Municipal de Cultura

Cartel das festas

- Rubén Lucas García

Fotografías

- Concello de Monforte de Lemos
- Jesús Rodríguez Montero

Colaboracións

- Luis Conde Carnero
- Paula Díaz Montero
- Miguel Piñeiro
- Manuela Sáez González

Deseño Gráfico

- Imprenta Fénix



